



## RESTITUÍR OS DEREITOS RECORTADOS NO 2012

*A CIG insta a Xunta a restituír os dereitos recortados ao persoal público coa escusa da crise en 2012, sen agardar á sentenza tras a denuncia que presentamos no 2019*

A Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público de Galiza, foi unha norma impulsada pola Xunta que impuxo recortes de dereitos laborais ao persoal funcionario e laboral da Administración Autonómica e dos seus entes instrumentais, xustificada pola crise iniciada no ano 2008.

Os dereitos suspendidos foron:

- x O Fondo de Acción Social: deixaron só as axudas ao persoal con persoas con discapacidade a cargo. Todas as demais quitáronlas (como a axuda por adquisición de vivenda, estudos propios ou das crianzas, para gastos en gafas, lentes de contacto ou dentista). O fondo total pasou de 9 millóns de euros no 2009 a 2 millóns na actualidade.
- x O dereito a nove días de “permiso por asuntos persoais sen xustificación”, quedando reducidos a seis.
- x Artigos do V Convenio Colectivo, relativos ao descanso en festivos, dereitos de comedor, gratificación por xubilación.
- x Disposición Adicional 3ª, relativa a “períodos de descanso en Nadal e Semana Santa”.

Estes recortes mantéñense a día de hoxe, a pesares de que o texto da proia lei establece o seu carácter temporal, polo que a súa vixencia queda supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan a “sustentabilidade das contas públicas”.

Unha vez atenuados os efectos máis graves da crise a partir de 2018, dende a CIG comezamos a demandar a restitución dos dereitos e a desenvolver distintas mobilizacións con este obxectivo.

Máis dunha década despois o Goberno galego segue a utilizar os mesmos argumentos para non restablecer as condicións de traballo suspendidas o que nos levou a



presentar demanda ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no 2019, contra as decisións da Xunta de manter os recortes. Estamos no 2023, e seguimos a agardar pola sentenza.

A eliminación de dereitos baseouse no artigo 38 do Estatuto Básico do Emprego Público (EBEP), “por concorrer causas graves de interese público derivadas dunha alteración substancial das circunstancias económicas que afectaban á sustentabilidade das contas públicas”. A súa vixencia ficou condicionada á crise económica que se iniciou en 2008, rematou en 2014 e deuse por totalmente superada en 2018, segundo se recolle nos argumentos incluídos na nosa demanda.

Durante todo este tempo, o Goberno español derogou a disposición adicional 2ª do RDL 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade coa Lei 21/2022, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, en vigor dende o 01/01/2023. De xeito que o propio Goberno central, que ditou unha lei similar á galega no mesmo ano 2012, reconece por lei que non se dan as circunstancias que xustifiquen a aplicación dos artigos 32 e 38.10 do EBEP. Por iso preguntámonos a que agarda a Xunta entón para restituír os dereitos laborais arrebatados ao seu persoal hai máis dunha década.



## CONCURSOS DE TRASLADOS

### *A incompetencia da dirección política da Administración Autonómica de Galiza*

A mobilidade voluntaria do persoal funcionario de carreira (concurso de traslados) é un dos dereitos que di garantir a Lei do emprego público de Galiza (LEPG). Curiosamente esta lei non fala de periodicidade entre concursos, como si dicía a antiga Lei da función pública de Galiza do ano 1988. En canto ao persoal laboral, o seu convenio colectivo si prevé o concurso anual. Son declaracións que quedan moi ben no papel .. mollado.

### CONCURSO DE CORPOS XERAIS

Máis ou menos tiña certa periodicidade: convocábase cada dous anos. Pero o último concurso foi esperpéntico: convocado no 2019 (cando xa pasaran máis de tres anos de rematado o anterior no 2016), e estirado outros tres anos ata as tomas de posesión en xuño de 2022, provocou unha enorme cantidade de postos vacantes non ofertados que deron lugar a unha cascada de comisións de servizos que desvirtúan ao propio concurso de traslados.

Estamos nun pico de xubilacións, e é enorme a cantidade de postos vacantes existentes dende mediados do 2020 (as posteriores non foron ofertadas) ata agora, e que aumentará ata a convocatoria e resolución do seguinte concurso. Marabilloso para dar comisións.

### CONCURSOS DE ESCALAS E ADMÓN. ESPECIAL

Hai algunha escala que tivo concurso non fai demasiado tempo, pero son excepcións, pois a maioría das escalas dentro de administración xeral, e case todas as escalas de administración especial, xa non lembran cando tiveron o seu último concurso de traslados.

Un exemplo representativo da situación: vanse xuntar dúas promocións de novo ingreso que estarán en destino provisional por non existir un concurso de traslados previo.

### CONCURSO DE PERSOAL LABORAL

O Acordo de concertación que negociamos e que finalmente só asinaron CCOO e UGT, tiña entre outras a chantaxe da funcionarización obrigatoria do persoal laboral fixo para cobrar a carreira profesional, unha funcionarización que implicou que nunca

máis existiría un concurso de traslados do persoal laboral fixo.

A CIG mantén a esixencia de que ten que existir concurso de traslados do persoal laboral.

### COMEZAR XA AS NEGOCIACIÓNS DOS CONCURSOS


Hai que comezar xa cos concursos, pero a única resposta que recibimos son largas: en marzo que falaríamos en abril. En xuño que falaremos en xullo.

A Lei da temporalidade complica os concursos de traslados ata a conclusión de todos os procesos afectados (necesariamente antes do 31/12/2024).

A CIG esixe **que se negocien e convoquen TODOS os concursos de traslados xa**, para que as tomas de posesión poidan estar feitas ao día seguinte de rematados os procesos pendentes, e que en ningún caso poden ir máis alá do 31 de decembro do 2024.

### ÚLTIMOS CONCURSOS CONVOCADOS

- ✗ Estatística: abril/2022
- ✗ Finanzas: xullo/2021 (pendente data posesión)
- ✗ Corpos xerais: novembro/2019
- ✗ Gardacostas: maio/2019
- ✗ Informática: xuño/2013
  - ✗ Admón. especial: decembro/2012
  - ✗ Consumo: xullo/2012 (declarado deserto)
- ✗ Persoal laboral, grupos I a IV: maio/2012
- ✗ Veterinarios/as: xullo/2011
- ✗ Persoal laboral, grupo V: abril/2011
- ✗ Axentes forestais e medioambientais: febreiro/2009





## A XORNADA DE 35 HORAS E A SEMANA DE 4 DÍAS

### A XORNADA DE 35 HORAS

Nós sempre á cola, os últimos. Comunidades como Murcia ou Castela e León chegaron a acordos para reducir a xornada semanal do seu persoal empregado público. E en Galiza o Sergas acordou cos sindicatos a redución da xornada ata chegar ás 35h no 2025.

Na nosa Administración a discusión da xornada de 35 horas estivo enriba da mesa no ano 2018. Finalmente CCOO e UGT contentáronse con meter algo no Acordo de concertación: pactaron que a Xunta presentaría no primeiro trimestre do 2019 unha proposta para establecer xornadas anuais inferiores **para o persoal con xornadas a quendas, nocturnas ou penosas**.

Estamos a xuño de 2023, e o único que vai ata agora é que a Xunta anuncia o inicio de novas negociacións para un novo Acordo de concertación no que queren falar de reducións de xornada para esas "xornadas especiais". E os seus amigos, replican contentos.

Estamos convencidos de que a pouca ambición de CCOO e UGT acabará levándolles a tragar cun pequeno avance limitado só para algúns colectivos, mantendo as 37,5 horas semanais todo o resto de persoal.

Na CIG non renunciamos á xornada máxima de 35 horas semanais para todos e todas, e a partir de aí, compensar as condicións de traballo especiais.

## O RITMO DOS PROCESOS SELECTIVOS (E A PROMOCIÓN INTERNA)

Tócalle agora a Alfonso Rueda saír de cando en vez con anuncios de magníficas ofertas de emprego (OEP), da inmediatez dos exames, da importancia de coñecer as previsións. Vamos a axudarlle:

No ano 2022 tivemos dúas OEP. A extraordinaria de estabilización obrigada pola Lei 20/2021 xa está en marcha. A ordinaria está toda ela sen convocar.

Da OEP-2021 temos moitos procesos sen convocar, outros con data de exame, en fase de acreditación de méritos, ou en elección de destino. Só un finalizado.

Da OEP do 2020 algúns teñen data de exame. Aínda faltan algúns por convocar. Destaca a a oferta de subalterno/a para persoas con discapacidade intelectual: a convocatoria é de abril/2022, e ano e pico despois nin saíron os listados de persoas admitidas/excluídas.

Da OEP do 2019 aínda quedan cousas por convocar (parte da oferta social, promoción int. en consumo).

### A SEMANA DE 4 DÍAS

O Goberno español aprobou o pasado mes de abril unha serie de axudas para reducir as xornadas laborais semanais a catro, sen tocar salarios. Isto foi un proxecto piloto destinado a empresas industriais de ata 250 traballadores/as, cunha duración de 2 anos.

A experiencia noutros países e varias empresas españolas é que este tipo de xornadas funciona moi ben, e mesmo aumenta a produtividade.

Na Xunta de Galiza din defender "a familia", estar pola conciliación, pero en canto a implementar dereitos vamos ao mínimo que marca a lexislación estatal. Din tamén querer unha Administración moderna cando teñen un dos cadros de persoal máis envellecidos, os concursos máis lentos, os procesos selectivos máis prehistóricos e unha gran desconfianza en aplicar o telertraballo ou medidas de flexibilización.

O que si están dispostos a diminuír (así vamos dende o 2011), é o número de efectivos, sobrecargando o traballo no resto do persoal e depauperando os servizos públicos para xustificar a súa privatización.

O que alguén pode ver como un privilexio, algún día pode ser unha conquista social, como no pasado foron as vacacións, non traballar os 7 días da semana ou 60 horas semanais, a prohibición do traballo infantil..

Da OEP do 2018 aínda están en execución as convocatorias de incendios, aux. de clínica, educadores.

E chegados á OEP do 2017, tamén hai procesos sen finalizar (saúde laboral, veterinario/a, ..)

### PROMOCIÓN INTERNA (P.I.)

Está sen convocar toda a P.I. separada do 2021 (corpos xerais e escalas), e toda a de xerais do 2020. Isto significa que para a elección de destino pasarían por diante os procesos de libre e de estabilización, mesmo de ofertas posteriores.

Non se pode adiar máis a P.I. nin castigar ao persoal funcionario de carreira sen oportunidades de promoción. Débese negociar xa, antes do verán, e en todo caso ten que rematar antes ou simultaneamente cos procesos de libre e estabilización.



## NOVOS CHIRINGUITOS NA XUNTA

*Presentámosche a Rede de "polos de emprendemento"*

Os chiringuitos na Xunta de Galiza medran coma os cogomelos. Non ben se extinguen uns, xa se argalla algo para repoñelos con outros, a ducias se fai falla.

A nova ocorrencia vén da man da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade, cunha rede de chiringuitos constituída por 15 entidades denominadas "polos de emprendemento e apoio ao emprego", repartidos polas catro provincias.

### E QUE VEÑEN SENDO ESTES "POLOS"?

Son oficinas onde a Xunta disque ofrece asesoramento personalizado e permanente a persoas emprendedoras ás que se lles imparte sesións de titorización a cargo de "persoal experto de primeiro nivel", **persoal que traballa para a Xunta pero que está directamente contratado por unha fundación privada.**

O lema empregado pola Xunta na propaganda institucional para esta "rede de polos" é "Xempre contigo", e dende ela convócanse axudas económicas de 9,2 millóns de euros en 2023.

### QUEN XESTIONA ESTES FONDOS? VEXAMOS...

Esta rede de "polos" é un **conglomerado de fundacións privadas, e tamén doutras entidades privadas vinculadas co Opus Dei**, coas que a Xunta de Galiza está a conveniar os servizos e funcionamento.

O persoal que está a traballar nestes polos, a pesar de ter contrato cunha fundación privada, traballa en oficinas da Xunta (segundo se indica nos webs dos polos, algún dos locais é dunha entidade privada). O material, os logos e as aplicacións son da Xunta tamén.

## COMO CONTACTAR E RECIBIR INFORMACIÓN DA CIG-AUTONÓMICA

### Web da CIG-Autonómica

Publicamos a diario a información que temos, os resumos das xuntanzas, a documentación que recibimos, as convocatorias e as nosas denuncias. Case todos os días hai algo novo. Se queres estar ao día, visítanos. Estamos en <https://autonomica.cigadmon.gal>

### Correo electrónico

Enviamos correos electrónicos cada varios días, a maioría das veces resumindo os contidos do web. Se non os recibes, escríbenos a [xunta@cigadmon.gal](mailto:xunta@cigadmon.gal)



A coordinación de toda a rede de polos está nas mans da Fundación Juana de Vega, fundación privada que a súa vez coordina a outras fundacións e a outras entidades privadas, entre as que se atopan as seguintes:

- ✗ Fundación Venancio Salcines (teñen unha universidade privada na Coruña)
- ✗ Fundación Roberto Rivas
- ✗ EFA Fonteboa (as Escolas Familiares Agrarias son entidades privadas introducidas en España polo fundador do Opus Dei)
- ✗ Fundación Ronsel
- ✗ Fundación Cel-Iniciativas por Lugo.

### DARÁ LUGAR TODO ISTO A RESPONSABILIDADES POLA CESIÓN ILEGAL DE TRABALLADORES/AS?

Xa advertimos dende aquí a todas as persoas que poidan ter responsabilidade que no caso de que ocorran situacións como as descritas, que a maiores da responsabilidade disciplinaria derivada do artigo 28 da LEPG **dende a CIG imos utilizar a vía penal por delitos contra a administración pública.**

### Telegram, Facebook, Twitter, WhatsApp

Podes atoparnos en telegram, twitter e facebook buscando "CIG Autonómica".

Para recibir as nosas mensaxes por whatsapp, tes que engadir o número 644707434 nos teus contactos, e escribirmos dende o teu número para que che deamos de alta. Ollo, se non nos engades como contacto non recibirás as mensaxes aínda que chas enviemos.